

NOTA DE PRENSA

Exposición **MARATÓN FOTOGRÁFICO** XXIII edición 2018

CONCELLO DE VIGO
MARATÓN FOTOGRÁFICO
XXIII

FECHAS EXPOSICIÓN
19 OUTUBRO
20 XANEIRO

Desenvolvido por **SAI Galicia**

PREMIOS
PRIMERO PREMIO 1.000 EUROS
SEGUNDO PREMIO 500 EUROS
TERCERO PREMIO 300 EUROS

ORGANIZA
AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

COLABORADOR PRINCIPAL
CONCELLO DE VIGO

COLABORAN
MARCO **Sf** **verde** **Dr. Susana Santomé** **GADIS**

Organiza: AFG Agrupación Fotográfica Galega
Datas: do 19 outubro 2018 ao 20 xaneiro 2019
Lugar: Espazo Anexo e sala vestíbulo principal
Horario: de martes a sábados (festivos incluídos), de 11.15 a 14.15 e de 17.15 a 20.45
Domingos, de 11.15 a 14.15

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura y Deporte
Príncipe 54. 36202 Vigo. Tel: 986 113900. Fax 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com

Presentación e entrega premios XIII Edición Maratón Fotográfico

A partir do **venres 19 de outubro**, o Espazo Anexo do MARCO exhibirá os traballos presentados na máis recente convocatoria do Maratón Fotográfico. Organizado pola AFG Agrupación Fotográfica Galega, o Maratón chegou en 2018 á súa XXIII edición, que tivo lugar o 29 e 30 de setembro.

A **presentación** terá lugar o **propio venres, ás 20.00**, no transcurso dun acto no que os membros do xurado darán a coñecer os traballos **gañadores desta edición**, e entregarán os premios, acompañados por representantes do Concello de Vigo e empresas colaboradoras.

A exposición

Tomando como punto de partida esta edición 2018, os espazos do MARCO acollerán, a partir do 19 de outubro, dúas mostras representativas, a un tempo, da historia e da actualidade do Maratón.

No **Espazo Anexo**, na praza peonil posterior, unha mostra dos traballos presentados nesta **XXIII edición do Maratón**, en torno aos catro temas propostos: *Calma, Múltiple, Resistencia, Inesquecible*. Unha oportunidade para gozar dun conxunto de imaxes evocadoras, diferentes na súa inspiración e características formais, que cada participante escolleu para representar os catro temas en forma de serie fotográfica.

Na sala do **vestíbulo principal**, unha **Retrospectiva 2013-2017**, con selección de imaxes das series gañadoras nas cinco últimas edicións, que conforman unha mistura de temas, interpretacións, estilos e modos de transmitir a través da fotografía.

O Maratón Fotográfico e a AFG

A Agrupación Fotográfica Galega, fundada en 1946 e aberta a todos os amantes da fotografía e do cine, foi pioneira en Galicia e veu desenvolvendo dende entón un importante labor, con actividades de formación e divulgación como cursos de fotografía ou faladoiros sobre foto e cine.

Foi en 1995 cando a AFG organizou o seu primeiro Maratón Fotográfico 'Concello de Vigo', que daquela se incluía dentro das festas da Semana Grande. Dende entón, o Maratón nunca deixou de celebrarse, se ben cambiou varias veces de espazo de exposición, evolucionou no seu formato e duración, e adaptouse aos cambios derivados dos avances técnicos e da fotografía dixital. Hoxe en día, aberto á participación de calquera persoa interesada e afeccionada á fotografía, o certame artículase en torno a catro eixos: 24 horas de duración, 4 temas, 20/25 series seleccionadas, e 3 series gañadoras.

Contactos Comunicación e prensa

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
 Marta Viana Tomé
 Tel. +34 986 113908 / 113904 / 113900
marta.viana@marcovigo.com
www.marcovigo.com

AFG Agrupación Fotográfica Galega
 Jesús Nieto Fernández, presidente
 Tel. +34 986 43 90 96
 Alfonso Durán, secretario
 Tel. +34 649 700952
agrupacionfotograficagalega@gmail.com

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
FUNDACIÓN MARCO: Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura y Deporte
 Príncipe 54. 36202 Vigo. Tel: 986 113900. Fax 986 11 39 01 info@marcovigo.com www.marcovigo.com